

BASES E CONVOCATORIA DO CURSO DE FORMACIÓN PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE SOCORRISMO EN MEDIOS ACUÁTICOS NATURAIS

A formación de socorristas resulta esencial para o desenvolvemento turístico do destino turístico Ferrolterra-Rías Altas que a Mancomunidad de concellos da Comarca de Ferrol promociona.

Con este obxecto, convócase un curso de formación para a obtención do certificado de profesionalidade de socorrismo en medios acuáticos naturais.

Este curso ten unha duración de 420 horas, consistentes 340 horas formativas e 80 horas de prácticas profesionais non laborais en espazos acuáticos naturais.

REQUISITOS DE INSCRIPCIÓN

- Ser maior de 16 anos.
- Posuír, como mínimo, a Certificación ESO, como formación mínima acreditada.
- Encontrarse empadroadado en calquera dos seguintes concellos que forman parte do destino turístico Ferrolterra-Rías Altas de acordo coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia: Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño e Vilarmaior. O empadramento debe ser anterior ao 1 de xaneiro de 2022.

OBXECTIVOS DO CURSO

A finalidade deste curso é dotar do certificado profesional de socorrista en espazos acuáticos naturais, onde o obxectivo fundamental é velar pola seguridade dos usuarios dos espazos acuáticos naturais, previndo situacións potencialmente perigosas e intervindo de forma eficaz ante un accidente ou situación de emerxencia neste tipo de medios acuáticos.

PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO A SUPERAR

Descrición da proba:

- O aspirante, situado no poyete da piscina, introdúcese na auga (de pé ou de cabeza a proposta do tribunal) mergullando ata o fondo da piscina (mínimo 1,8 metros de profundidade).
- A continuación percorre en apnea prolongada unha distancia de 10 a 15 metros.
- Ascende a superficie e completará os primeiros 25 metros nadando a estilo libre.
- Posteriormente percorrerá 25 metros estilo crol coa cabeza fora, mantendo a visión fora da auga (orientación e observación do entorno).
- Seguidamente realizará 50 metros a braza.
- Unha vez percorridos colocará as aletas situadas nun extremo do borde do vaso manténdose en flotación dinámica.
- Unha vez colocadas as aletas realizará 50 metros nadando a costas seguidos de 50 metros a crol, dando por finalizada a proba.

- Dita proba deberá ser completada nun máximo de 5 minutos 30 segundos. No caso de non ser superada non poderá realizarse o curso.

CONTIDOS DO CURSO

Os contidos desta acción formativa son os seguintes:

- UC0269_2 Executar técnicas específicas de natación, con eficacia e seguridade (120 horas).
- UC0272_2 Asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia (40 h).
- UC0182_2 Previr accidentes ou situacións de emerxencia en espazos acuáticos naturais (60 h).
- UC0183_2 Rescatar a persoas en caso de accidente ou situación de emerxencia en espazos acuáticos naturais (120).
- MP0187 Módulo de prácticas profesionais non laborais de Socorrismo en espazos acuáticos naturais (80 h).

PREZO DO CURSO

O curso ten carácter gratuíto. Non obstante, as persoas seleccionadas disporán dun prazo de dous días dende a comunicación por correo electrónico do resultado do proceso selectivo para realizar un depósito de 50 € seguindo as instrucións que se facilitarán na mesma comunicación. A non realización do devandito depósito dentro do prazo será motivo para excluír á persoa seleccionada e incorporar a outra candidata que tivese superado as probas seguindo a orde de prelación.

A cantidade depositada será devolta sempre que a persoa cumpra os seguintes requisitos: 1) ter realizado completamente o curso e prácticas correspondentes de forma que cumpra o requisitos para a obtención do certificado de profesionalidade; 2) ter realizado, no caso de que se lle ofrezan, as prácticas en calquera dos concellos do destino Ferrolterra-Rías Altas; 3) ter prestado servizos como socorrista, no caso de se lle ofrezan un contrato, en calquera dos concellos do destino Ferrolterra-Rías Altas durante o ano 2022.

VALORACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

O curso consta dun máximo de 15 prazas.

Os aspirantes accederán ás prazas pola orde obtida na proba específica de piscina de menor tempo en adiante.

PROCESO E PERÍODO PRESENTACIÓN INSTANCIAS

As instancias de solicitude de participación, acompañadas da documentación abaixo indicada, presentaranse no Rexistro Xeral da Mancomunidad (Pazo Municipal de Ferrol, Praza de Armas s/n, 15402, oficina de Secretaría, primeira planta), no Rexistro auxiliar da Mancomunidad (oficinas administrativas do Mercado Municipal da Magdalena, Rúa Igrexa s/n, 15402 Ferrol) ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de oito días naturais dende a publicación do anuncio desta convocatoria no BOP. Se conforme a ese precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude.

Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a todos os efectos. Para o obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e xa rexistrada mediante correo electrónico dirixido a mancomunidade@ferrol.es indicando como asunto: CONVOCATORIA CURSO SOCORRISTA.

Neste suposto enviarase copia escaneada da solicitude rexistrada.

Aos efectos da presentación mediante o Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), as persoas aspirantes que presenten a súa instancia dende un rexistro de outra administración poderán facela chegar á Mancomunidade a través do rexistro do concello de Ferrol.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen todo-os requisitos sinalados nestas bases.

Documentación a presentar:

- a) Solicitude (anexo I).
- b) DNI.
- c) Documentación acreditativa de estar en posesión do título formativo requirido.
- d) certificado de empadramento

Na páxina web da Mancomunidade www.comarcaferrolterra.es establecerase a relación de aspirantes admitidos á proba específica e, por conseguinte, ao proceso selectivo.

DATA DA PROBA ESPECÍFICA DE PISCINA

Unha vez supervisadas as instancias e publicada a relación de aspirantes, a Mancomunidade publicará na súa páxina web www.comarcaferrolterra.es a data, horario e lugar de celebración da proba de piscina. Os alumnos seleccionados serán informados, así mesmo, da data da proba por correo electrónico.

LUGAR E DATA DE REALIZACIÓN DO CURSO

O curso desenvolverase no Pazo da Cultura de Narón (parte teórica) e no Complexo polideportivo da Gándara (Narón). As prácticas profesionais non laborais de Socorrismo en espazos acuáticos naturais terán lugar en espazos acuáticos naturais por determinar.

O horario e datas aproximadas de realización do curso serán publicitados na web da Mancomunidade con antelación ou no momento da publicación do resultado do proceso selectivo.

ANEXO I

Nome e apelidos	
DNI	
Data de nacemento	
Dirección	
Concello no que se encontra empadroado	
E-mail	
Teléfono móbil	

Documentación aportada:

1. DNI.
2. Titulación académica.
3. Certificado de empadramento

Autorizo á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para comprobar a veracidade dos datos aportados no presente documento.

Asinado en _____, a _____ de _____ de 2022.

Sinatura